

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**CIRCULAR INFORMATIVA Nº2**

**ELECCIÓNES AO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO**

A Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (D.O.G. do 18 de setembro de 2024), establece o calendario para a celebración de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

O Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG, 20/4/88) establece no artigo 32 (redactado conforme ao establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo; DOG do 9 de agosto):

- "1. Son electores e elixibles tódolos membros da comunidade escolar, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.
- 2. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días.
- 3. Pechado o prazo de admisión de candidatos, a xunta electoral fará pública a proclamación de candidatos.
- 4. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A xunta electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o delegado provincial da Consellería de Educación e O. Universitaria"

O Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 13 establece a composición do consello escolar que estará formado por:

- a) A dirección do conservatorio, que exercerá a presidencia
- b) A xefatura de estudos do conservatorio
- c) Un representante do concello do municipio en que estea situado o conservatorio
- d) Dous representantes de pais e nais ou titores legais.
- e) Un representante do persoal de administración e servizos do conservatorio.
- f) Tres docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
- g) Dous representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo. Só pode ser elector e elixible o alumnado matriculado nas ensinanzas correspondentes ao grao profesional.
- h) O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

Reunida hoxe a Xunta Electoral, aprobou o calendario para a celebración das eleccións ao consello escolar.

A Coruña, 28 de outubro de 2024

